

CONVENIO PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONES PÚBLICAS

En Vilagarcía de Arousa, a 19 de novembro de 2018

REUNIDOS:

Dunha parte, Alberto Varela Paz, Alcalde-Presidente do Concello de Vilagarcía de Arousa, actuando no seu nome e representación, é

Doutra, Dona María Isla Avión con D.N.I.: 35544300P, como representante de Solidariedade Galega co Pobo Saharaui con CIF: G-15924558, e actuando en representación da devandita entidade/institución.

Ámbalas dúas partes se recoñecen mutuamente a capacidade xurídica necesaria para a formalización do presente Convenio e de común acordo,

EXPOÑEN:

Primeiro: a Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións establece no seu artigo 28 o procedemento de concesión directa e de subvencións.

Segundo: A subvención que se tramita non figura como nominativa nos orzamentos e non pode ser obxecto de publicidade e concurrencia o tratarse de actividades concretas realizadas por unha única entidade/persoa, ou que sendo realizada por varias, concédense a tódolos solicitantes.

Terceiro: Acredítase o interesado público, social e humanitario da subvención derivada do propio proxecto a realizar pola entidade Solidariedade Galega co Pobo Saharaui nos campamentos de refuxiados saharauis no ámbito de cooperación ao desenvolvemento e proxectos de axudas humanitarias.

Cuarto: O solicitante manifiesta non estar en ningunha das situacions que establece o artigo 13.2 da lei 38/2003 que imposibilitan a obtención da condición de beneficiario,

estando o corrente nas suas obrigacións tributarias coa Axencia Tributaria, Seguridade Social, Comunidade Autónoma e Concello de Vilagarcía de Arousa.

CLÁUSULAS:

- I. A presente subvención ten por obxectivo: mellorar a situación nutricional da Poboación Refuxiada Saharaui a través dunha maior estabilidade do aporte calórico mensual da canastra básica de alimentos. Esta grave crise alimentaria coincide coa proximidade do Ramadán e o aumento de temperaturas, o que terá graves consecuencia para a saúde de miles de mulleres nenos/as e persoas anciáns.
- II. O proxecto a subvencionar é “ Emerxencia alimentaria nos campamentos de refuxiados saharauis” e concedéndose a cantidade de 1.500,00 Euros, e con cargo a partida 231.489. O proxecto responde ao chamamento urgente de Media Luna Roja Saharaui a todos os países donantes no ámbito do Programa Mundial de Alimentos. Polo tanto, non se establece unha contía concreta nin global das posibles aportacións.
- III. O órgano competente para a concesión e aprobación do gasto é o Alcalde-Presidente ou a X.G.L. por delegación.
- IV. O Beneficiario comprométese a destina-la devandita subvención para realiza-la actividade fixada, cumprindo o obxectivo contemplado na cláusula I.
- V. Pagamento da subvención. O pagamento da subvención será efectiva o 100% unha vez asinado o presente convenio e aprobado por parte da Xunta de Goberno Local, debido á situación de emergencia e necesidade de axuda humanitaria inmediata que se está a producir nos campamentos do pobo saharauí. A xustificación do pago anticipado reside na necesidade de que se acometan as actividades inherentes ao obxecto subvencionado (compra de alimentos) tendo en conta a falta de financiamento para alimentos que deu lugar ao chamamento urgente de Media Luna Roja Saharaui.

A documentación a presentar segundo o Anexo I, aportarase no momento da xustificación xunto coa documentación xustificativa sinalada na cláusula VI.



VI. O prazo para a xustificación será dentro dos tres meses seguintes a rematar a actividade.

A documentación a presentar será a que a seguir se relaciona:

- Declaración asinada polo representante da entidade de todas as axudas percibidas para a actividade subvencionada. De non ter obtido outras subvencións ou axudas a declaración farase no sentido de que non solicitaron nin obtiveron outras subvencións ou axudas públicas ou privadas para a mesma actividade.

-Conta xustificativa que conterá:

- Memoria de actuación con indicación das actividades realizadas.
- Memoria económica xustificativa do custo (Anexo III) das actividades realizadas que conterá:
 - Relación dos gastos con identificación da factura, importe e provedor.
 - Relación detalladas dos ingresos con que se financiou a actividade (incluíndo a subvención concedida) con indicación do seu importe e procedencia.
- Facturas orixinais ou fotocopia compulsada das mesmas, cos requisitos establecidos no R.D. 1496/2003. Como mínimo conterán:
 - nº de factura e indicación expresa de que se trata dunha factura, lugar e data de emisión.
 - Denominación social, nif e domicilio de quen expide a factura e do destinatario
 - Descripción e data de realización da operación.
 - Importe, descglose do IVE con indicación do tipo aplicable e total. Non se admitirán facturas no que se faga constar "IVE incluído".
 - Recargos, descontos e retencións aplicables.
- Ademais deberá acreditarse o seu pagamento da seguinte forma:
 - En todas as facturas deberá aparecer conxuntamente as seguintes indicacións:
 - "pagado" ou "recibín",
 - data do pago
 - firma e identificación da mesma (dni ou nome completo de que asina)
 - Selo da empresa.
 - Cando a factura teña sido pagada mediante transferencia bancaria ou talón deberá aportarse extracto bancario que xustifique a transferencia ou ingreso na conta do beneficiario.



- No caso de gastos imputables á actividade, como nóminas ou porcentaxes de facturas, deberán acompañarse estas de informe onde se certifique a porcentaxe aplicable á actividade.
- Calquera outra documentación que sexa requirida por esta Intervención, en función das características especiais da subvención.

Nestes termos queda redactado o presente convenio, no contido do cal as partes intervintes se afirman e ratifican, asinándoo, por duplicado e a un só efecto, na data no encabezamento expresada.



ANEXO I

Documentación a presentar:

- a. Memoria descriptiva da actividade a desenvolver, con detalle de cada un dos gastos en que se vai a incorrer para a súa realización, cuantificación dos mesmos, así como o financiamento previsto; nesta memoria indicarase o obxectivo que se pretende conseguir coa realización desta actividade e a subvención que se solicita.
- b. Certificación expedida polo secretario ou secretaria da entidade solicitante, de que a persoa que asina a solicitude é a representante legal da entidade.
- c. Fotocopia DNI do/da representante da entidade.
- d. Fotocopia do NIF da entidade
- e. Certificación bancaria do número de conta
- f. Declaración da Entidade, asinada polo seu representante legal de non atoparse en ningún dos supostos de incapacidade e incompatibilidade para a percepción de subvencións ou Axudas públicas establecidos no art. 13 da Lei 38/2003 de 17 de novembro Xeral de subvencións.
- g. Declaración da Entidade, asinada polo seu representante legal de todas as axudas concedidas ou solicitadas para a actividade.
- h. Certificacións orixinais ou photocopies compulsadas de estar ó corrente nas obrigas tributarias e coa Seguridade Social (certificados de AEAT, Recadación municipal e Seguridade social).
- i. Os puntos f, g anteriores poderán ser substituídos polo Anexo II.



ANEXO II

DON/DONA con D.N.I. número
..... como representante da Entidade
..... con N.I.F.
.....

DECLARO:

1. Esta Entidade:

- NON** solicitou ou se lle concederon outras axudas ou subvencións para a mesma finalidade.
- SI** solicitou ou se lle concederon as axudas que a seguir se relacionan:

ORGANISMO OU ENTIDADE CONCEDENTE	IMPORTE

2. Esta entidade está ó corrente coas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

3. Esta entidade non está incursa en ningún suposto de prohibición ou incompatibilidade para a percepción de axudas públicas enumeradas no artigo 13 da Lei 38/2003 de 17 de Novembro, Xeral de Subvencións.

E para que así conste, ós efectos de concesión de subvención, asino a presente en

Vilagarcía de Arousa, a de de 200.....

Asdo./



ANEXO III

CONTA XUSTIFICATIVA

DON/DONA con D.N.I. número

como representante da Entidade.....con N.I.F.

..... DECLARO:

- a) Que, téndolle sido concedido por parte do Concello de Vilagarcía de Arousa, mediante acordo de la Xunta de Goberno Local de data de de unha subvención por importe de euros, destinada á realización de..... realizáronse os gastos e ingresos que a seguir se relacionan:

GASTOS			
Nº FACTURA	CONCEPTO	PROVEDOR	IMPORTE
TOTAL GASTOS			

INGRESOS	
TOTAL INGRESOS	

- b) Que os gastos que arriba se detallan, son reais e aplicáronse á finalidade subvencionada.
 c) Que a entidade (si/non) se lle concederon outras axudas ou subvencións coa mesma finalidade:

ENTIDADE OU ORGANISMO PÚBLICO QUE CONCEDE A SUBVENCIÓN OU AXUDA	IMPORTE

- d) Que o importe das axudas e subvencións concedidas para a actividade non superaron o importe total dos gastos realizados, sendo destinadas tódalas aportacións á actividade subvencionada.
 e) Que a actividade foi realizada de acordo coa finalidade para a que se concedeu a subvención e que foron cumplídos os obxectivos pretendidos na actividade.
 f) Que aporta Memoria da actuación xustificativa do cumprimento dos obxectivos.
 g) Que se acompañan as facturas xustificativas do gasto realizado.

E para que así conste ós efectos de xustificación da subvención concedida asino a presente en Vilagarcía de Arousa, a de de 200

